

## “Ecocamiño”

(Xacobeo no CEIP Santa María)

*Este ano é Ano Xacobeo, porque o 25 de xullo cae en domingo. Para celebralo fixemos representacións, traballos, desfraces, ... que tratan do camiño de Santiago e dos peregrinos.*



*No entroido preparamos o traxe, sen esquecermos de ningún complemento .*

*O venres de entroido mostramos a todo o pobo a nosa especial peregrinaxe, percorrendo as rúas de As Pontes ata chegar ao concello.*



*No Día das Letras Galegas os alumnos de sexto fixeron unha viaxe virtual polo Camiño francés, dende Roncesvalles ata Santiago.*



*No mes de xuño todos os alumnos de Educación primaria fixemos unha etapa do camiño inglés, seguindo os sinais do camiño e observando todos os monumentos que atopamos (albergue, igrexas,...).*

*Foi unha xornada especial de convivencia, na que disfrutamos tanto os mestres como os alumnos.*



*Os alumnos de 5º e 6º na súa excursión de fin de curso quixeron coñecer a Catedral de Santiago, polo que pasaron todo un día percorrendo Santiago e disfrutando da beleza da catedral.*



*E por último lembrar a todos que ata dentro de 11 anos non volve ser ANO XACOBEO.*

17 DE MAIO

# DÍA DAS LETRAS GALEGAS



## Uxío Novoneyra

Fillo de labregos, naceu no Courel, na aldea de Parada, o 19 de xaneiro de 1930.

Estudou en Lugo e en Madrid, empezando a escribir poemas en castelán. Volta a Galicia no 1952, adquirindo xa conciencia galeguista.

Casou en 1973 con Elva Rei; tiveron tres fillos.

Establécese en Santiago, onde desenzola moita vida intelectual e onde morre no 1999.

Escrebe diversas obras e poemas, destacando sobre todo "Os eidos", libro que recompila toda a súa poesía relacionada co Courel.




## Biblioteca

Ao longo do curso foron moitas as veces que a visitamos e os libros que lemos.

## Premios

Un bo lector, case sempre é un bo escritor. Por iso acadamos diversos premios.



## Animación á lectura

Un dos programas que máis nos gustou, foi o de poder ler un libro e despois ver a película.

## Escritores

A visita de Fran Alonso ao noso centro foi do máis creativo e enriquecedor.

